



FCT



## Reunião *Dream Teens*

01 Novembro de 2015 | Lisboa, Portugal

DREAM  
TEENS

DREAMTEENS.AVENTURASOCIAL.COM

DÁ VOZ  
ÀS TUAS  
IDEIAS

\*

QUE TEUS AMIGOS E JÓVENS  
ADOREM TE





A reunión nacional do proxecto *Dream Teens* do día 1 de novembro do 2015 foi unha gran oportunidade para coñecer o importante traballo que se realiza desde este proxecto polo grupo de investigación *Aventura Social* dirixido pola Profesora Catedrática Margarida Gaspar de Matos (*Faculdade de Motricidade Humana, Universidade de Lisboa*) en colaboración coa *Fundação Calouste Gulbenkian* e a *Sociedade Portuguesa de Psicologia da Saúde*, no que participan algo máis de 100 mozos e mozas adolescentes procedentes de diferentes zonas de Portugal.





**O obxectivo de este proxecto é conseguir que os adolescentes dean voz as súas ideas, considerándoas como importantes activos da súa sociedade. En realidade, están contribuindo a xerar unha sociedade mellor, tal e como fomos capaces de comprobar a través das presentacións sobre o traballo realizado en cada un dos seis grupos nos que se organizan os adolescentes e que abordan interesantes temáticas para a etapa da adolescencia: recursos persoais e benestar, saúde mental e calidade de vida; capital social, violencia, relacións interpersoais, amizades, familia; amor e sexualidade, parentalidade e embarazo; relacións de dependencia, consumos, accidentes; estilo de vida e saúde, tempo de lecer, actividade física e imaxe corporal; cidadanía, responsabilidade, participación social, futuro, escola, sociedade.**

Especificamente, o traballo no que os distintos grupos de adolescentes estiveron implicados foi non só difundir o proxecto nas súas escolas, senón tamén investigar e proporcionar información sobre asuntos destacados relativos ás distintas áreas temáticas nomeadas (algúns grupos contribuíron á redacción de algúns capítulos no libro "*Adolescentes: navegación segura por águas desconhecidas*" coordinado por Margarida Gaspar de Matos) e iniciar estratexias de acción e intervención con alto grado de compromiso social (como recaudar fondos a través de carreiras solidarias para colaborar con asociacións que traballan para previr e intervir no bullying, donar a súa cabeleira a asociacións que fabrican perrucas para personas afectadas polo cancro ou participar en programas de recollida de alimentos para ser donados a entidades que reparten entre personas sen fogar).



Sen dúbida, os procesos de investigación e intervención que estes adolescentes desenvolven no lugar que comencian a ocupar nos procesos de toma de decisións e de reflexión, deixou sorprendidos a tódolos adultos que tivemos a oportunidade de asistir á reunión. Por iso, estamos convencidos de que o proxecto *Dream Teens* é tamén un activo para o desenvolvemento de estes adolescentes, promovendo neles a adquisición de importantes competencias e habilidades para ser mellores persoas e cidadáns. Por tanto, consideramos que este proxecto é dunha gran relevancia para ser trasladado e posto en funcionamento noutros países, para así os membros do proxecto *Dream Teens* serán modelos de referencia.



O equipo do estudio HBSC español  
Traducido en galego por Sandra García Varela



Reunião *Dream Teens*  
01 Novembro de 2015 | Lisboa, Portugal



DREAM  
TEENS

DÁ VOZ  
ÀS TUAS  
IDEIAS



<https://www.facebook.com/redeDreamTeens?fref=ts>

<http://dreamteens.aventurasocial.com>